

MANIFESTO 8M 2021 – CONCELLO DE PONTEVEDRA

Lema campaña municipal: “Feminismo para cambiar o mundo”

Autora: Susana Pedreira Buján

Protexéndonos do que nos ameaza, escapando do que nos enferma para salvar a nosa vida, quedando na casa, invisibles, abandonando o espazo público, coidando e coidándonos máis do que quixeramos, renunciando a tantas cousas que nos fan felices... Así vivimos todas e todos desde hai un ano por culpa dunha pandemia. Así viven desde sempre moitas mulleres: invisibles, coidadoras, renunciando, protexéndose de ameazas e, demasiadas veces – 1.082 veces desde 2003 – desaparecendo ao ser asasinadas.

A crise da COVID-19 lembrou ao conxunto da sociedade quen desempeña os traballos esenciais para soste a vida. É innegable que o dos coidados é un traballo feminizado e, ademais, maioritariamente sen remuneración algunha, aforrando custes a un sistema que expulsa ás mulleres do ámbito público para relegarnos á invisibilidade do privado. E cando ese traballo é remunerado, realízase en condicións de precariedade. É un dos traballos máis infravalorados tanto social como economicamente, a pesar de que non hai outro tan esencial para a calidade de vida de quen necesita o coidado e para o funcionamento de toda a sociedade, para que nada pare mentres alguén cuida no fogar.

O feminismo pide coidar a quen cuida, pide corresponsabilidade nese fogar, para que teñamos as mesmas oportunidades fóra del. Asumir de forma maioritaria as responsabilidades de coidado, aboca ás mulleres a empregos máis precarios, peor remunerados e peor valorados.

En 2018 demos un paso adiante, aquela folga que poñía o foco nos coidados e aquelas manifestacións multitudinarias en Pontevedra, en toda Galicia, no Estado e no resto do mundo foron un punto de inflexión. Aquel 8M de hai tres anos foi a imaxe do cambio, a foto viral que ensinou ao mundo a nosa decisión de pasar da indignación á acción. Non esquezamos aquela forza do 2018, somos as mesmas, seguimos aquí e cremos no “Feminismo para cambiar o mundo”.

Porque o feminismo é a cura, unha cura ambiciosa e solidaria que busca mellorar o mundo non só para quen padece a desigualdade inxusta, senón tamén para todos os que o habitan. Mesmo para os *negacionistas*, para eses que malgastan enerxías querendo desfacer a *Lei de Violencia de Xénero* hai pouco máis dunha semana no Congreso, falando dunha suposta ditadura do pensamento único ou das supostas mentiras do feminismo. Falacias que se desmontan poñendo nomes e apelidos ás 1.082 mulleres asasinadas pola auténtica ditadura: a machista e patriarcal.

Mesmo para os *negacionistas* vai cambiar o mundo o feminismo, para que as súas fillas vivan en fogares corresponsables nos que a carga dos coidados non límite as súas aspiracións profesionais, para que as súas fillas entren nun mercado laboral que fomente as paternidades corresponsables e no que a

crianza teña un valor, non só un prezo. O feminismo cambiará o mundo para que os seus fillos teñan referentes femininos en todos os ámbitos e referentes masculinos mellores ca eles. E para que os seus fillos e fillas se sintan libres de ser o que queiran ser, amar a quen queiran amar e formar o tipo de familia que os faga felices nunha sociedade orgullosa da diversidade.

Farémolo, as feministas cambiaremos o mundo. Seguiremos a cambiar o mundo. Podemos facelo porque antes outras xa o cambiaron para nós: estou lendo este manifesto vestida cun pantalón grazas ao feminismo, licenciámonos e graduámonos na universidade grazas ao feminismo, exercemos o dereito ao voto grazas as feministas, temos control sobre a nosa fertilidade e decidimos ser ou non ser nai grazas ás feministas, pedimos préstamos ao noso nome, posuímos propiedades ou testificamos na nosa propia defensa grazas ao feminismo; e podemos denunciar a un acosador, violador, maltratador e que sexa xulgado porque o que fai con nós e cos nosos CORPOS é un delito grazas ao feminismo.

Se alguén cre que con todas estas evidencias, sabendo que o feminismo cambiou o mundo, imos parar de cambialo, neste 8-M volvemos dicir alto e claro que non: non imos parar, non imos dar nin un só paso atrás.

Imos seguir sinalando a precariedade laboral para as mulleres agravada neste último ano co teletraballo, os ERTES e os despedimentos, a fenda salarial (que se sitúa actualmente nun 21,4%), o cárcere dos coidados, os teitos de cristal que se volven de cemento armado en tantos sectores, a violencia que SI ten xénero... imos seguir reivindicando a nosa axenda feminista: a presenza igualitaria en todos os ámbitos, acadando o 50 % do poder, a visibilización das achegas das mulleres, a educación en igualdade como eixo transversal. Imos seguir sinalando o que ten que cambiar, o que imos cambiar.

E non é unha ameaza é un berro de esperanza: polas que xa non están, polas que seguimos aquí e polas que virán. Feminismo para cambiar o mundo.